

## **Declaración institucional polo día internacional para a eliminación da violencia contra a muller**

Hoxe, 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, a Deputación Provincial da Coruña quere sumarse á lembranza, chea de emoción e afecto, de todas e cada unha das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos, tan vítimas como elas, e das súas familias e amizades.

Desde 2003, no Estado Español foron asasinadas máis de 1.200 mulleres, con 428 nenas e nenos orfos desde 2013. Debemos seguir traballando nesta dramática situación para que o número de vítimas non siga medrando.

Por iso hoxe, como todos os días do ano, manifestamos a nosa condena absoluta ante a violencia de xénero, porque nin a violencia nin os maltratadores teñen cabida na nosa sociedade. Reafirmamos o compromiso desta Deputación coa erradicación da violencia de xénero, desde o convencemento de que só remataremos con esta lacra social traballando unidos: todas as Administracións, o poder lexislativo, xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, as forzas e corpos de seguridade, as organizacións sociais especializadas en violencia de xénero, os medios de comunicación, a comunidade educativa e o conxunto da sociedade.

A educación e a formación son dous piares fundamentais para acabar coas desigualdades entre mulleres e homes e erradicar a violencia machista. A xuventude está moi exposta ás novas formas de violencia. O control nas redes sociais e a situación actual require aumentar os esforzos para atallar canto antes estes comportamentos. Ademais, as redes sociais e o uso irresponsable da internet expoñen aos mozos a formas graves de vulnerabilidade e violencia, como a explotación sexual ou a pornografía.

Nesta loita é preciso apuntar tamén estratexias específicas de actuación no mundo rural, onde este problema adopta un perfil propio.

A falta de medios estruturais no medio rural afecta máis ás mulleres, que teñen maiores dificultades para acceder á información, ou para desenvolverse de xeito independente. Por iso, defendemos a necesidade de garantir o pleno acceso das mulleres do rural a todas as medidas deseñadas para erradicar a violencia de xénero dun xeito pleno e equiparable ao das mulleres que residen nun entorno urbano.

A experiencia confirma que canto máis se involucra a Administración, máis eficaces son as medidas de sensibilización, de educación e de detección precoz; a resposta de urxencia e o seguimento dos servizos é mellor.

Conscientes disto, as entidades locais exercemos un papel fundamental no desenvolvemento e implantación das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero asinado en 2017. Instamos a súa renovación en sede parlamentaria, segundo o compromiso acadado na XIV Lexislatura.

Desde a Deputación da Coruña, apoiamos o desenvolvemento de programas de concienciación e educación por parte dos concellos.

Reclamamos tamén a ampliación da rede de Centros de Información da Muller na nosa provincia para seguir desenvolvendo as súas funcións.

Esta é unha longa loita, chea de momentos amargos, na que calquera cifra superior ás 0 vítimas non se pode permitir. Que siga habendo vítimas, lonxe de desanimarnos, debe darnos máis azos para seguir traballando ata erradicar una atrocidade que, mentres pervive, nega as bases de dereitos universais e igualdade sobre as que se asenta o noso sistema democrático.

A violencia contra as mulleres non ten cabida na nosa sociedade, polo que temos que seguir traballando para que sexa cousa do pasado, porque a defensa das mulleres é a defensa dos dereitos de todos os seres humanos.